


A VIDA NAS CHARCAS: QUEN SE MOVE AÍ?

MATERIAIS

Papel,
branco ou de cores



regra




ceras ou lapis
de cores



recipiente fondo de boca ancha




auga




PASO
1

Follas de nenúfar. Debuxamos un círculo sobre papel verde ou branco coloreado de verde, despois pintamos un triángulo desde o centro e recortamos de maneira que quede o círculo sen o triángulo. Podes pintarlle uns trazos imitando as veas das follas.



PASO
2

Flores de nenúfar. Debuxamos un círculo sobre papel branco ou de cor (Podes usar de molde un pratinho de cunca de café ou algo redondo de tamaño similar). Usando unha regra trazamos unha cruz e unha X de maneira que o seu centro coincida co centro do círculo. Despois debuxamos un círculo máis pequeno no centro do grande (podes usar como molde a cunquiña pequena de café). Por último, debuxamos un pétalo rematado en punta dentro de cada "quesiño", tomando como base o anaco da contorna do círculo pequeno, os coloreamos polas dúas caras e logo recortamos. Dobramos os pétalos do noso nenúfar cara o centro, como se fose unha coroa.



PASO
3

A nosa charca. Botamos un pouco de auga nun recipiente fondo. Coloca sobre a auga e por separado as follas do nenúfar e logo as flores pechadas... levarás unha sorpresa! Se queres aportar algo máis de vida ao teu estanque podes debuxar, colorear e recortar diferentes animais propios dese ambiente acuático e colocalos sobre as grandes follas do nenúfar, por exemplo ras e libélulas.

PASO
4

Explicación do resultado. O papel está composto de fibras entrelazadas de celulosa e lignina, que proceden da madeira. Estas fibras funcionan como pequenos capilares (tubiños ocos) capaces de absorber a auga, como as palliñas para beber. Do mesmo xeito que a auga presente na terra é absorbida polas raíces e sube ata as follas, a auga absorbida polo papel sube polos capilares, mollándoo e dándolle un peso maior, o que fai que os pétalos "florezan".

AS VIDAS NAS CHARCAS

QUE É UNHA CHARCA?

É un depósito de auga doce, natural ou artificial, de pouca profundidade, non chegando a 1 metro. A auga de ríos, das choivas ou de zonas subterráneas que flúen cara a superficie pode acumularse nunha zona afundida dun terreo formando unha **charca natural**. Cando a profundidade é de entre 1 e 3 metros chámase **lagoa**, e si supera os 3 metros denomínase **lago**.

Que importancia teñen as charcas na natureza?

Moitas plantas e animais viven parcial ou totalmente en masas de **auga doce** ou dependen delas en maior ou menor medida para beber, alimentarse ou refrescarse en épocas de calor, aínda que moitas charcas poden chegar a secarse no verán coa calor se non chove nada durante moito tempo.

Que vexetais viven nunha charca?

Alguns viven mergullados na auga, como **algas verdes**, outros só teñen as raíces e o talo dentro da auga e as súas follas quedan flotando na superficie, por exemplo as **lentellas de auga** (chámanse así polo seu tamaño e forma, pero nada teñen que ver coas que se comen), as **espigas de auga** e os **nenúfares**, e outras viven nas beiras, tendo talo e follas fora da auga, como por exemplo os **lirios amarelos** e os **salgueiros**.

Que animais viven nunha charca?

Dentro da auga viven moitos **animais invertebrados** (os que non teñen osos), por exemplo vermes e escaravellos acuáticos, outros o fan só durante a primeira etapa da súa vida, na que teñen un aspecto totalmente diferente a cando son adultos! Por exemplo as **libélulas**, que na fase acuática chámanse **ninfas**, e viven no fondo da charca, dentro da auga (polo que non teñen ás). Cando están a punto de cambiar á forma adulta saen da auga e agárranse a algunha folla ou talo dalgunha planta da ribeira e durante un curto tempo van cambiando ata transformarse en libélula, que sobrevoa a charca para buscar comida (outros invertebrados) e parella. Aos cambios polos que pasa un animal de fase inmadura a adulta chámasele metamorfose. Outros insectos que viven na auga son os **zapateiros**, que camiñan sobre a superficie gracias a uns peliños que teñen nas patas que repelen a auga, o que lles permite flotar e deslizarse sobre ela.

Nas charcas tamén viven **animais vertebrados** (que si teñen ósos, coma nós), os máis característicos son as **ras** e os **tritóns**, ambos anfibios, que ao igual que as libélulas teñen unha fase larvaria, na que se chaman **cágados**, durante a que só poden vivir dentro da auga, e outra adulta, na que pode saír da auga. Outros vertebrados que dependen das charcas, lagoas e lagos son algunhas aves, coma os **lavancos**, que son parrulos salvaxes, aliméntanse de pequenos invertebrados e dalgunhas plantas, e para collelos moitas veces mergulla a cabeza, quedándolle fora o corpo co "cú en pompa", o cal resúltanos moi simpático!

QUE APRENDAMOS SOBRE AS CHARCAS

E agora propoñémoste un xogo sobre os habitantes das charcas... Sabes como se chama cada un dos que aparecen nas imaxes? Pon o nome correcto!

Nomes dos animais e plantas:

Cágado de ra/tritón/nenúfar/lirio amarelo/lavanco/espiga de auga/libélula/zapateiro



Lirio amarelo

